



COLOMBIA: autorización dos importes da compensación económica a percibir por BALMS na intermediación de expedientes de adopción e do novo modelo de contrato

Mediante resolución do 9 de abril de 2013, a directora xeral de Familia e Inclusión aprobou os novos importes que a ECAI FUNDACIÓN BALMS PARA A INFANCIA está autorizada a percibir das persoas solicitantes de adopción internacional pola intermediación con Colombia.

O importe total da compensación económica que poderá percibir a devandita entidade ascende a un total de **6.769,47 €**, segundo a seguinte distribución:

1.- GASTOS INDIRECTOS: 3.729,47 €

En España: 2.898,00 €

a) Gastos de funcionamento:

1. Gastos de persoal: 2.221,66 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento: 338,17 €
3. Gastos de oficina, subministracións e outros: 218,83 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 119,34 €

b) Formación e adaptación: 0 €

No país de orixe da ou do menor: 831,47 €

1. Gastos de representante e outro persoal da ECAI no país de orixe da ou do menor: 402,90 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento da oficina da ECAI: 314,72 €
3. Gastos de oficina, subministracións e outros da oficina da ECAI: 113,85 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 0 €
5. Achega a proxectos de axuda social e cooperación e de mantemento da acreditación no país: 0 €

2.- GASTOS DIRECTOS: 3.040,00 €

En España: 1.440,00 €

1. Xestión de documentos: 0 €
2. Gastos de legalización e autenticación: 531,04 €
3. Gastos de tradución: 0 €
4. Gastos de mensaxería e correos: 188,96 €
5. Taxas: 0,00 €



6. Seguimentos postadoptivos dos dous primeiros anos: elaboración de informes, tradución, legalización e envío: 720,00 €

No país de orixe da ou do menor: 1.600,00 €

1. Xestión de documentos: 85,00 €
2. Gastos derivados do rexistro do expediente no país: 108,00 €
3. Gastos de legalización: 65,00 €
4. Gastos de tradución: 0 €
5. Intérpretes (polo traballo relacionado co proceso de adopción): 0 €
6. Mensaxería e correos: 176,00 €
7. Taxas e gastos derivados da tramitación da adopción (xudiciais e administrativos): 978,00 €
8. Visados e pasaporte da ou do menor: 58,00 €
9. Gastos médicos obrigatorios: 0 €
10. Desprazamentos das persoas adoptadas no país de orixe relacionados directamente co proceso de adopción: 130,00 €
11. Axuda e manutención da ou do menor dende o momento que determine a lexislación do seu país de orixe ata a entrega da ou do menor ás persoas adoptantes: 0 €

Estos custos só serán aplicables aos contratos asinados con posterioridade á aprobación da devandita resolución (9 de abril de 2013).

Así mesmo, mediante a devandita resolución, dáse conformidade ao contrato que regulará a intermediación de BALMS para a adopción internacional en Colombia, conforme ao novo modelo unificado establecido pola Xunta de Galicia. Segundo o dito contrato, o pagamento fraccionarase da forma seguinte:

- **Primeiro pagamento:** Á firma do contrato aboarase o 50% dos gastos indirectos (1.864,73 €) e efectuarase unha provisión de fondos de (1.520 €), que corresponden aos gastos directos previstos ata a realización do segundo pagamento.
- **Segundo pagamento:** Aos 12 meses da firma do contrato, aboarase o 25% dos gastos indirectos (932,37 €) e efectuarase unha provisión de fondos de (760 €), que corresponden aos gastos directos previstos ata a realización do terceiro pagamento.
- **Terceiro pagamento:** Aceptada a asignación aboarase o 25% dos gastos indirectos (932,37 €) e efectuarase unha provisión de fondos de (760 €), que corresponden aos gastos directos previstos para finalizar a adopción e realizar os informes de seguimento dos dous primeiros anos tras a adopción, se é o caso.